



00000

## MOCIÓN SOBRE A ELABORACIÓN E APROBACIÓN DUNHAS NOVAS BASES PARA A CONTRATACION DA DIRECCIÓN-XERENCIA DO AUDITORIO DE GALICIA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:


### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno do pasado mes de xuño, a través dunha iniciativa do Grupo Popular, aprobouse un acordo mediante o que se propoñían revisar determinados extremos das bases para a cubrir a vacante do posto de Dirección-Xerencia do Auditorio de Galicia, entre eles a acreditación dos méritos avaliáveis, o plano de actuación quinquenal e a composición do comité de avaliación, conforme ao estipulado nas normas que rexen para o ingreso nos corpos de empregados públicos de Galicia.

O último punto do acordo facía mención á presentación dun novo texto de bases do concurso para que sexan aprobadas polo Consello Reitor do Auditorio de Galicia, consonte ao recollido nos seus propios estatutos.

Tendo en conta que Santiago é, sobre todo, un gran referente cultural e que as actividades neste ámbito están ligadas, maiormente e desde hai máis dun cuarto de século, ao Auditorio de Galicia, é doado comprender a necesidade e a urxencia de dotar un posto clave como é o da Xerencia e a Dirección desta importantísima instalación, na súa dobre condición de contedor e, ao mesmo tempo, difusor de actividades culturais e referente da acción cultural do Concello.

Aínda recoñecendo o dereito do Goberno ao nomeamento deste posto, consideramos que as novas bases deberían ser aprobadas polo Consello Reitor do Auditorio, como máximo órgano da Dirección, cumprindo así cos propios Estatutos do Auditorio de Galicia que determinan para este Consello: "*aprobar o cadro e as bases para a contratación do persoal do Auditorio así como as retribucións do mesmo*". Unhas bases que, en todo caso, terán que estar orientadas a garantir a publicidade e concorrencia na selección, atendendo aos principios de mérito, capacidade, idoneidade, obxectividade e imparcialidade, aspectos todos eles inherentes a calquera convocatoria para a provisión dun posto público.



Como queira que o posto para a Dirección-Xerencia do Auditorio leva máis de un ano vacante, co prexuízo que iso comporta para fixar e desenvolver e manter a intensidade da actividade cultural da cidade, como viña facendo o Auditorio anteriormente, e ante a tardanza na resolución deste asunto e no cumprimento do acordado, o Grupo Municipal do Partido Popular propón a adopción do seguinte

### ACORDO

*O Pleno insta ao correspondente órgano de Goberno a que á maior brevidade posible, e en todo caso antes de que remate o ano actual, elabore unhas novas bases para o correspondente concurso dirixido a nomear por parte do Goberno unha persoa para o posto de Dirección-Xerencia do Auditorio de Galicia, nas que se garanta a publicidade e concorrencia e se respecten os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito, capacidade e idoneidade, para a elección deste posto directivo, bases que deberán ser sometidas á aprobación do Consello Reitor desta entidade, tal e como recollen os seus Estatutos.*

Santiago de Compostela, a 9 de setembro de 2016.

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'María Ángeles Antón Vilasánchez', written over a horizontal line.

María Ángeles Antón Vilasánchez  
Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela